

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓN EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO (FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA) PARA O ASESORAMENTO NA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E APOIO NA INSERCIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

REUNIDOS

Dunha parte D. Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia do 1 de setembro de 1983 modificado o 6 de agosto de 2015, e segundo o acordo do Pleno do Parlamento de Galicia, relativo á elección dos membros da Mesa (DOG número 159, do 7 de agosto de 2020).

Doutra, D. Eladio Fernández Pérez (DNI nº 34242673C), presidente de FADEMGA Plena Inclusión Galicia (CIF nº G36620037), nomeado pola Asemblea Xeral, en exercicio das súas competencias, de acordo co establecido nos artigos 20 e 28 da última modificación dos Estatutos aprobada pola Asemblea Xeral da Federación en data 14 de novembro de 2015.

Os comparecentes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante este protocolo, e para tales efectos,

EXPOÑEN

Primeiro. O Parlamento de Galicia está comprometido coa integración das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento no eido social galego en todos os planos da vida pública e cultural, así como no acceso ao ámbito laboral. Para dar cumprimento a este compromiso quere seguir contribuíndo a facilitar, na medida das súas posibilidades, a promoción e consolidación de todas as medidas posibles e dos medios que sexan necesarios e eficaces para conseguilo.

Segundo. A Federación Galega de Asociacións en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA) ten por obxecto a promoción das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, e carece de ánimo de lucro.

De acordo co recollido nos seus estatutos, FADEMGA dirixirase á consecución, entre outros, dos seguintes fins:

- Representar os seus membros ante as entidades públicas e privadas e demais organismos que se relacionan directa ou indirectamente coa problemática das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- Facilitar tanta información xeral ou especializada sobre as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento estea ao seu alcance, fomentando estudos sobre o tema e acadando a colaboración das universidades galegas.
- Realizar campañas de divulgación e sensibilización cara á sociedade.
- Calquera outro tipo de actividades relacionadas coas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Terceiro. Atendendo aos resultados positivos da colaboración ao abeiro do protocolo subscrito entre as dúas institucións o 19 de marzo de 2018, é vontade de ambas as partes continuar traballando conxuntamente no desenvolvemento de iniciativas que favorezan a integración das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento no eido social galego, en todos os planos da vida pública e cultural, así como no acceso ao ámbito laboral.

Para estes fins, no exercicio das competencias que lles son propias, as partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura deste PROTOCOLO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e fins do Protocolo

Este protocolo ten por obxecto establecer os mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia e FADEMGA Plena inclusión Galicia, para fixar o marco xeral de actuación para o deseño e realización de actividades que teñan por finalidade facilitar a adaptación e o desenvolvemento das funcións nos postos de traballo das persoas con discapacidade intelectual que puideren prestar servizos na Administración do Parlamento de Galicia, ben como persoal funcionario de carreira ou laboral fixo e interino ou laboral de carácter temporal, ben como persoal en prácticas e/ou formación.

Segunda. Compromisos das partes

O Parlamento de Galicia e FADEMGA Plena inclusión Galicia, en coherencia coas súas respectivas funcións e no marco deste protocolo, comprométese a colaborar na consecución dos seus fins, mediante accións que se plasmarán a través dos correspondentes convenios de colaboración.

Para tal fin, ambas as partes comprométese a desenvolver no futuro actividades no eido da formación, tales como as relativas á preparación e desenvolvemento de:

- Cursos de formación específicos previos ao ingreso ou ao inicio da prestación de servizos no Parlamento de Galicia, que serán impartidos por persoal do Parlamento de Galicia co apoio de persoal das asociacións.
- Apoio no proceso de inserción e adaptación efectiva ao posto de traballo das persoas con discapacidade intelectual que puideren prestar servizos na Administración do Parlamento de Galicia, ben como persoal funcionario de carreira ou laboral fixo e interino ou laboral de carácter temporal, ben como persoal en prácticas e/ou formación, así como ao contorno laboral destas persoas.
- Seguimento do desempeño da actividade laboral, incluíndo formación continua en competencias instrumentais, transversais e laborais para este colectivo, de acordo cos resultados da detección de necesidades formativas.
- Realización de talleres prácticos de intercambios de experiencias dirixidos ao persoal que realiza funcións de referencia no ámbito de traballo deste colectivo.

Terceira. Financiamento

A sinatura deste protocolo non comporta ningunha obriga económica. De ser o caso, determinarase nos correspondentes convenios de colaboración que deriven deste protocolo.

Cuarta. Difusión da colaboración das partes

A sinatura deste protocolo supón o consentimento expreso de ambas as partes para faceren públicos, a través dos diarios oficiais que procedan e das respectivas páxinas web, os datos referidos ao seu contido, de conformidade coa normativa sobre transparencia e boas prácticas que sexa de aplicación a cada unha delas.

Quinta. Comisión de seguimento

Establécese unha comisión de coordinación e seguimento deste protocolo que estará integrada por dous representantes do Parlamento de Galicia, un dos cales

a presidirá, e por dous representantes de FADEMGA Plena Inclusión Galicia, un dos cales será o presidente ou persoa na que delegue.

A dita comisión coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puideren xurdir na súa execución. Poderá estar asistida polos técnicos que xulguen necesarios.

Os acordos adoptados pola comisión serán inmediatamente executivos.

Terá, ademais, as seguintes funcións:

- A interpretación do protocolo.
- A proposta de addendas ou modificacións.
- A elaboración do informe previo á resolución por incumprimento.
- A facultade de supervisión da execución e a adopción das decisións e o ditado das instrucións necesarias co fin de salvagardar a correcta realización das accións acordadas.
- Calquera outra relacionada co bo funcionamento deste protocolo.

Sexta. Prazo de vixencia, modificacións e causas de resolución

Este protocolo producirá efectos a partir da data da súa sinatura e terá unha vixencia dun ano, prorrogable por períodos sucesivos anuais ata un máximo de catro anos, mediante acordo expreso das partes ao remate de cada período, agás que se resolva por algunha das causas seguintes:

- a) Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- b) Denuncia feita por calquera das partes, con tres meses de antelación.
- c) Incumprimento grave de calquera das partes dos acordos do protocolo.

Así mesmo, as partes poderán modificar os termos deste protocolo de acordo mutuo.

Sétima. Natureza xurídica

Este protocolo de colaboración ten natureza administrativa, está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e rexerá polas súas propias cláusulas e, de forma supletoria, polas normas xerais do dereito administrativo.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puider xurdir no desenvolvemento deste protocolo.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no cumprimento deste protocolo de colaboración, e que non poidan ser dirimidas pola comisión de seguimento creada para tal efecto, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdicional do contencioso-administrativa.

Oitava. Protección de datos de carácter persoal

En aplicación deste protocolo, respectaranse cantas exixencias establece o Regulamento UE 679/2016, xeral de protección de datos, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados, resultando aplicables todos os dereitos e obrigas derivados desta normativa.

Novena. Transparencia e bo goberno

O asinamento deste protocolo de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que o Parlamento de Galicia poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade, asínase o presente protocolo de colaboración, marcando o comezo da súa duración o día da última sinatura

**O Presidente do Parlamento de
Galicia**

**O Presidente de FADEMGA Plena
Inclusión Galicia**

Miguel Ángel Santalices Vieira

Eladio Fernández Pérez